**ACHEGAS DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) AO ANTEPROXECTO DO PLAN DIRECTOR DO SECTOR FORESTAL-MADEIRA 2026-2028**

## 1. Consideracións xerais

Desde a CIG consideramos que o Plan Director do Sector Forestal-Madeira 2026-2028 parte dun diagnóstico parcial e dun enfoque orientado aos intereses empresariais, centrado na competitividade, na captación de investimento e no crecemento da produción, sen garantir que os recursos naturais forestais de Galiza reverten efectivamente en beneficios sociais, laborais, territoriais e ambientais para o conxunto do pobo galego.

Así mesmo, tampouco se están a recoller neste documento ás achegas que afectan a este recurso nen aos criterios xerais e obxetivos que contén o dictame do Consello Ecónómico e Social de Galiza ante a Lei de beneficios socais e económicos dos recursos naturais de Galiza.

O monte galego constitúe un recurso natural estratéxico e un ben de interese público que debe ser xestionado baixo criterios de sustentabilidade ambiental, cohesión territorial, creación de emprego digno e estable, peche dos ciclos produtivos en Galiza e control público efectivo. Sen estes principios, non pode falarse dun verdadeiro desenvolvemento do sector forestal-madeira.

Por todo isto, a CIG formula sete achegas co obxectivo de reorientar o Plan Director cara a un modelo forestal socialmente xusto, ambientalmente sustentable e economicamente útil para o país.

## 2. Modelo forestal e ordenación do monte

### Achega 1. Cambio de modelo forestal

O Plan Director debe incorporar de maneira expresa e como obxectivo estratéxico a superación do actual modelo baseado no monocultivo de especies foráneas e pirófilas, nomeadamente o eucalipto, pola súa relación directa co aumento do risco de incendios forestais, a degradación do solo, a perda de biodiversidade e o abandono do rural.

Polo que propomos:

- A redución progresiva da superficie ocupada por eucaliptos e outras especies invasoras e das plantacións ilegais en terras agrarias e bosques autóctonos.
- O establecemento dunha moratoria indefinida para novas plantacións de *Eucalyptus* e outras especies pirófilas.
- A prioridade absoluta ás frondosas autóctonas, á silvicultura de calidade e aos modelos de monte multifuncional.

## 3. Valor engadido, industrialización e peche de ciclos produtivos

### Achega 2. A transformación en Galiza

O Plan Director debe garantir que os recursos forestais de Galiza non se destinen maioritariamente á exportación de materia prima de baixo valor engadido. As axudas públicas deben orientarse de forma preferente a proxectos que:

- Pechen os ciclos produtivos en Galiza.
- Aposten pola segunda transformación da madeira.
- Xeren emprego industrial estable e cualificado.

Deben quedar excluídos das axudas os proxectos de carácter meramente extractivo ou aqueles que non garantan un retorno económico e social claro para o territorio.

**4. Emprego, dereitos laborais e condicións sociais.**

**Achega 3. Condicionalidade social das axudas públicas**

A CIG propón que todas as axudas e incentivos previstos no Plan Director estén condicionadas ao cumprimento de criterios sociais e laborais, entre eles:

- Mantemento do emprego e da actividade produtiva durante un período mínimo de 10 anos.
- Aplicación efectiva da lexislación laboral e dos convenios colectivos de ámbito galego.
- Estabilidade no emprego e redución da precariedade laboral.
- Existencia de negociación colectiva e representación sindical.

No caso de incumprimento destes compromisos, deberá contemplarse a devolución total ou parcial das axudas recibidas.

**5. Prevención de incendios e uso sustentable do territorio**

**Achega 4. Prevención dos incendios forestais**

O Plan Director debe incorporar a prevención dos incendios forestais como un eixo transversal, evitando unha visión limitada á limpeza do monte ou á extinción.

A prevención real pasa por:

- Un medio rural vivo e con actividade económica.
- A promoción do pastoreo e da gandería extensiva como ferramentas de xestión do territorio.
- A recuperación de liñas de axuda á valorización integral do monte e ás Unidades de Xestión Forestal (UXFOR).
- A implicación activa das comunidades de montes e das persoas titulares.
- A criazón dun único servizo público, de xestion directa e dependente da Xunta, evitando a súa privatización, composto por profesionais, adecuadamente formado en prevención, extinción de incendios e outras emerxencias que poidan alternar os labores de extinción no verán e prevención durante todo o ano.

**6. Restauración despois dun incendio e protección ambiental**

**Achega 5. Restauración ecolóxica con control público**

O Plan Director debe incorporar protocolos específicos de actuación nas zonas afectadas por incendios forestais, que garantan:

- A restauración do solo e da biodiversidade.
- A protección da auga e dos ecosistemas asociados.

- A creación de comisións de seguimento con participación da Administración, das comunidades de montes, das organizacións sindicais e sociais.

Así mesmo, debe impedirse que os lumes sexan utilizados como xustificación para proxectos especulativos ou de ocupación intensiva do territorio.

## 7. Control público e participación sindical

### Achega 6. Participación real das organizacións sindicais

A CIG considera imprescindible reforzar os mecanismos de gobernanza do Plan Director, garantindo:

- A participación real e efectiva das organizacións sindicais na súa execución e seguimento.
- Avaliacións periódicas públicas dos resultados do Plan.
- Transparencia total sobre as empresas beneficiarias, as contías das axudas e os impactos sociais, laborais e ambientais.

A planificación forestal non pode quedar en mans exclusivas dos intereses empresariais.

## 8. Instrumentos financeiros e fondos públicos

### Achega 7. Control público dos fondos

No caso dos instrumentos financeiros previstos no Plan Director, a CIG esixe que:

- A xestión e control dos fondos sexa integramente pública.
- A participación de capital privado non implique dereitos de decisión nin de gobernanza sobre as políticas públicas forestais.
- Se garanta que os fondos públicos se destinen exclusivamente a proxectos de interese social e territorial.

## 9. Conclusión

A CIG considera que, de non introducirse estas modificacións, o Plan Director do Sector Forestal-Madeira 2026-2028 corre o risco de converterse nun novo instrumento ao servizo do capital privado e das grandes empresas, sen resolver os problemas estruturais do monte galego nin garantir emprego digno, sustentabilidade ambiental e cohesión territorial.

Por todo o exposto, solicitamos que estas achegas sexan incorporadas ao documento definitivo do Plan Director.

Plácido Valencia Rodriguez

PLACIDO VALENCIA RODRIGUEZ

Firmado digitalmente por PLACIDO VALENCIA RODRIGUEZ
Nombre de reconocimiento (DN): cn=PLACIDO VALENCIA RODRIGUEZ, o, ou, email=fcm@galizacig.gal, c=ES
Fecha: 2026.02.13 12:44:00 +01'00'

Sec. Nacional Federación da Construción e Madeira da CIG